

folia de ruta





Estación SELECCIÓN

Temos moitas posibilidades:

- **CONTIDOS XERAIS:** o espazo, o corpo humano, os animais, a auga, a conciencia fonolóxica, as cores...
- **CONTIDOS ESPECÍFICOS:** os planetas, os aparatos que interveñen na función de nutrición, clasificación dos animais segundo a súa alimentación, os estados da auga, recoñecemento/identificación dos diferentes sons dunha mesma grafía, a cor amarela)...
- **ASPECTOS CONCRETOS DUN CONTIDO:** características do planeta Terra, alimentos dos animais omnívoros, recoñecemento/identificación do son /θ/ da letra ce, identificación da cor amarela por oposición (onde non hai cor amarela)...
- **CONTIDOS DE DIFERENTES ÁMBITOS/MATERIAS:** conteo, escritura creativa, STEAM, artística...

LEMBRA! : O importante de facer esta selección reside en priorizar, identificar cales serán os contidos nucleares (imprescindibles) e complementarios que se traballarán.

QUE QUERO TRABALLAR?

2

Estación OBXECTIVOS

Aquí hai que preguntarse que metas (obxectivos, resultados) perseguimos.

Temos que responder ás seguintes preguntas: Que queremos que aprendan?

Que metas (resultados) perseguimos?

Podemos traballar contidos xerais ou específicos relacionados cunha mesma temática, contidos dentro dun mesmo ámbito ou mesmo destrezas, habilidades, funcións executivas, autonomía...todo é susceptible de ser traballado en forma de estación de aprendizaxe!

Ex.:

- B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes. (Ciencias da natureza, 1º E.P.)
- B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais) e o vocabulario (Lingua castelá 4º E.P.)
- Coñecemento dos pasos do método científico e o seu emprego en actividades de experimentación.

LEMBRA!: Debemos propoñer, aclarar e xustificar os obxectivos mínimos esixibles.

QUE QUERO QUE APRENDAN?

3

Estación PLANIFICACIÓN

Nesta parada deberíamos fixarnos nos seguintes aspectos:

- Tempos: o tempo adicado ás estacións de aprendizaxe dependerá daqueles aspectos que queremos traballar e dos obxectivos propostos. Hai estacións que poden desenvolverse nunha parte dunha sesión e outras que poden estenderse a unha ou varias sesións (incluso semanas e meses), todo depende do plantexamento.
- Espazos: temos que ter en conta o espazo da aula “habitual”, o seu aproveitamento estará en función do tempo e dos agrupamentos. Hai que ter en conta se as estacións terán lugar nun espazo fixo ou en diferentes espazos (no caso, por exemplo, dos especialistas).
- Agrupamentos: o ideal sería deseñar actividades individuais, por parellas, en pequeno grupo e en gran grupo. Incluso pódense plantexar actividades por equipos (con grupos formados por máis persoas).

CANTO TEMPO QUERO INVERTIR?

QUE ESPAZOS VOU EMPREGAR?

QUE AGRUPAMENTOS UTILIZAREI?



Estación ACTIVIDADES

Para diseñar as actividades hai que ter en conta:

- Tipos de estacións:
 - a. Explicación inicial: diferentes actividades en cada estación
 - b. Repaso: amosar a teoría nunha estación
 - c. Avaliación: comprobar o nivel de adquisición
 - d. Por ámbitos
- Número de estacións: estará en función dos contidos e metas propostos.
- Identificación das estacións (señalización): todo aquilo que se vos ocorra para sinalizar.
- Instrucións/ordes: deben de respectar os principios de brevidade e claridade: secuenciar e simplificar. É necesario explicar que hai que facer e como hai que facelo.
- Materiais didácticos: trátase de proporcionar diferentes materiais co fin de asegurar a accesibilidade física, cognitiva e sensorial.
- Niveis de dificultade (multinivel): ofrecer propostas diferentes (con niveis de dificultade tamén diferentes) para poder traballar cos distintos tipos de agrupamento, respectando os ritmos madurativos, os niveis competenciais, as habilidades lingüísticas, os intereses...

Unha vez teñamos decididos estos aspectos sería interesante proporcionarlle ao alumnado un espazo para recoller o seu progreso na realización das estacións: saber o que teñen feito e que falta por facer.



Estación ACTIVIDADES

TIPOS DE ESTACIONES:

NÚMERO DE ESTACIONES:

SEÑALIZACIÓN DAS ESTACIONES:

INSTRUCCIONES/ORDES:

MATERIAIS:

NIVEIS DE DIFICULTADE:

FOLLA DE REXISTRO:



Estación ACTIVIDADES




Estación VALORACIÓN

As valoracións han de ser:

- DO ALUMNADO, quen valorará:
 - A súa forma de traballar individual: como se sentiu realizando as diferentes tarefas, se tivo as axudas que necesitou, se acadou as aprendizaxes propostas...
 - A súa forma de traballar dentro dos agrupamentos: Sentínme ben no grupo?
 - A adquisición dos contidos: Domino os contidos?
 - O labor do docente: Proporcionoume os apoios/materiais suficientes...
 - As estacións de aprendizaxe: Pasei por todas as estacións de aprendizaxe? Remateinas?
- DO DOCENTE:
 - Para comprobar se se cumpriron os obxectivos propostos, se a planificación foi a correcta ou se hai que facer cambios para a próxima vez (revisar e redeseñar), se se cubriron as necesidades de todo o alumnado, se fomos capaces de resolver as súas dúbidas e obstáculos...

VALORACIÓN DO ALUMNADO:

VALORACIÓN DOCENTE:



Estación VALORACIÓN

6


Estación AVALIACIÓN

Para realizar a avaliación deberíamos empregar diferentes instrumentos e elaborar as probas do mesmo xeito que elaboramos e pensamos as actividades das estacións. Se para realizar as actividades aportamos facilitadores, por que non mantelos nas avaliacións?

Recursos para realizar as avaliacións:

- Tickets de saída: o uso habitual é nos últimos 10 ou 5 minutos de cada sesión. Serven para comprobar as aprendizaxes máis inmediatas e aportan moita información (avaliación formativa).
- Kahoot: ferramenta dixital moi fácil de empregar e moi motivadora, na que queda rexistradas, de forma inmediata, as respostas de cada participante.
- Plickers: aplicación que escanea as respostas do alumnado e permite rexistrar os resultados. O alumnado conta cunhas tarxetas que, ao xirar, permiten escoller entre 4 opcións.
- Proba escrita/oral: con actividades co mesmo deseño que as estacións de aprendizaxe.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:




Estación CENTROS DE INTERESE

Ademais de motivar, que é fundamental para implicar ao alumnado, debemos coñecer os seus intereses á hora de deseñar as actividades. Non é o mesmo facer 8 divisións seguidas que convertirte en adestrador para que os teus Pokémon consigan poderes e forza para facer de ti o mellor adestrador.

É imprescindible implementar propostas e deseños que partan dos intereses do alumnado, que lles permitan construír o coñecemento con autonomía e creatividade desde as súas aprendizaxes, intereses e experiencias.

CALES SON OS INTERESES XERAIS?

CALES SON OS INTERESES INDIVIDUAIS?



Estación FACILITADORES


Do mesmo xeito que os docentes non empregamos os mesmos recursos e non aproveitamos as mesmas habilidades, para que os alumnos sexan efectivos témoslles que dar a opción de escoller: non todos necesitan facer as mesmas actividades ou dar resposta ás mesmas preguntas, polo que tampouco teñen que recibir todos o mesmo tipo de axuda.

Debemos proporcionarlles, pois, apoios para que constrúan os seus "andamios" sobre os que poder sosterse de forma autónoma.

Facilitar non é facer ou regalar, é poñer fácil. Para iso, podemos facer uso de:

- Autoinstrucións/secuenciadores/organizadores: secuenciación, estruturación breve e clara dos pasos a seguir.
- Listas de comprobacións (solucionarios): para a autocorrección e a comprobación.
- Exemplos resoltos: para facilitar a comprensión da tarefa.
- "Chuletas": para ter os contidos necesarios a man.
- Apoios visuais: para aportar diferentes formas de achegar a información.
- Bancos de palabras: para asegurar a comprensión do vocabulario específico co que traballar.

FACILITADORES:



Estación FACILITADORES

ANOTACIONES

anotaciones